

Dos meus días de neno

1876-1888

Ramón Cabanillas Enríquez naceu o 3 de xuño de 1876. Veu ao mundo nunha pequena casa que a súa nai, **Joaquína Enríquez**, alugara en Fefiñáns, Cambados.

Foi recoñecido por **José Cabanillas**, na igrexa parroquial de Vilariño, en 1888.

Acudiu o neno Ramón á “escola do convento” e tamén recibiu clases de latín na reitoral de Corvillón. Foi acólito na igrexa de San Bieito de Fefiñáns. Como todos os nenos do seu tempo, xogou na ribeira collendo caramuxos e bugúinas, andou aos niños, saltou valos para apañar froita...

Vista de Cambados por Xaquín Sánchez Peña. Ao fondo, o monte da Pastora, coa "branca ermida", á que fai referencia o poema de Cabanillas



"As tardes na Pastora"
Do vran nas tardes longas, coa merenda
nun cestíño de bimbias,
de vagar, paso a paso, baixo a soma
do roxo parasol da miña tía,
rubia á fresca, umbriza carballeira
que coroa un outeiro a par da vila,
onde se ergue, feituca como un ovo,
da Virxe da Pastora a branca ermida.

"A noite na Calzada"
A lembranza de mel daqueles días
deixáronme no íntimo
unha soma fumosa e velaña
coma os sonos do berce vagatorios,
sin vencellos coa vida,
algo que vén do fondo do pasado
segundo un non sei qué de lonxanía!



Casa natal de Ramón Cabanillas, actualmente Casa-Museo



O neno Ramón

Nacín o 3 de San Xuan do 1876, ás tres da tarde, chovendo a Díos dar ágoas, nunha casíña vella, cun vello patín de pedra, da vilíña feudal de Fefiñáns, que por entón inda estaba baixo a campana da freguesía de San Adrián de Vilariño, hoxe anexada á vila de Cambados...

Carta de Ramón Cabanillas a Ricardo Carvalho Calero, Madrid, 8 de novembro de 1954



A mocidade branca Seminarista en Compostela

1889-1893

Ramón Cabanillas díxo de si mesmo que foi un seminarista “nugalleiro coa cabeza ós paxaros”. Ingresou como alumno libre no seminario de **San Martiño Pinarío**, de Santiago de Compostela, en 1887, cando contaba once anos, para pasar a interno en 1889.

Nesa etapa forxou a súa devoción pola poesía e descubriu as letras galegas, sobre todo a través da figura de **Rosalía de Castro**, participando nos actos de translación dos seus restos ata o **Panteón de Galegos Ilustres**.

Durante a súa etapa de seminarista Cabanillas comezou a escribir breves pezas teatrais que representaba cos seus amigos durante as vacacións.



Alfredo Brañas, ideólogo do rexionalismo, foi nomeado Fillo Predilecto de Cambados en 1890. Tivo relación co pai de Cabanillas. Os seus restos repousan no Panteón de Galegos Ilustres. Cabanillas tamén tivo relación con outros importantes rexionalistas, como Juan Barcia Caballero.

Óleo de José María Fenollera



Seminario Conciliar de Santiago de Compostela. Alí estudou Cabanillas entre 1889 e 1893



Mausoleo de Rosalía no Panteón de Galegos Ilustres. Pasado o tempo, en 1967, os restos de Cabanillas tamén se trasladaron ao Panteón, en San Domingos de Bonaval, de Santiago de Compostela



Os meus catorce anos envolteitos nun manto colexial, o corazón en mocidade branca, inda pechado o tento gromo da primeira frota, seguíñ da rumorosa moitedume o contexto transido de emoción.

"Ofrenda floral a Rosalía de Castro diante do moimento de Santiago 1951"

Era bon compañeiro, capitán e fidalgo na alegría escolar e dos primeiros en atinar ca orde de camiño de unha frase de Cicerón ou as claves de alboradeiras dos hexámetros virxiliáns. E non menos crobaban vida na súa voce as parábolas das Sagras Esquirturas. Por moito tempo o mocíño Cabanillas foi o leente do Evanxeo durante o xantar do arcebispo-cardeal Sr. Martín de Herrera.

Ramón Otero Pedrayo

1889 1891 1892 1890 1893

Facendo “coplas de rexoubeo”

Cambados, funcionario municipal

1894-1910

No verán de 1895 comeza a carreira de funcionario municipal. Será oficial interino de contabilidade desde ese ano ata 1905, cando se converterá, durante un ano, en arrendatario local do imposto de consumos. Entre 1906 e 1910 traballará para a axencia de negocios **Fernández y Cabanillas**, pasando tempadas en Pontevedra e Vilagarcía. Nesa etapa publicará dous xornais en Cambados: **El Umia** (1907) e **El Cometa** (1910). A historia destes xornais é tamén a crónica do seu gradual enfrontamento co poder ata converterse nun loitador anticaciquil.

Nestes tempos, en 1899, casou con **Eudosia Álvarez Otero** e criou unha prole de sete fillos. Tamén, segundo as súas propias palabras, foi tempo de divertirse nas tabernas entre mariñeiros e facendo “coplas de rexoubeo”.

Eudosia Álvarez, muller de Cabanillas, cos seus fillos Manuel (1899), María Luísa (1900), Aurora (1902), José (1904), Joaquín (1905), Ramona (1907) e Ramón (1909)



Chamáronme para o Auntamento, onde estiven dez anos de oficial de contabilidade, moi a gusto, porque eu sempre fun, sustantivamente, un burócrata: nese tempo divertínme nas tascas, antre mariñeiros e facendo copras de rexoubeo.

Carta de Ramón Cabanillas a Ricardo Carvalho Calero, Madrid, 8 de novembro de 1954



Concello de Cambados a primeiros do século XX

Eudosia Álvarez casou con Ramón Cabanillas en 1899



Letra de Ramón Cabanillas nunha acta municipal do Concello de Cambados de 1 de xullo de 1895, onde aparece o seu nomeamento como oficial de contabilidade interino



Os mozos mariñeiros da fiada
lembranse rindo alleos de coidados:
cheira a aceite e pemento requemados
rustido de xurés en caldeirada.
Conta o patrón nun corro a trebonada
do ano setenta -historia de afogados-;
e empuxándose, irando, entran mollados
os homes dunha “lancha de enviada”.
Pasa de man en man a xerra roiba
de albariño, e namentras cai a choiva
e o vento fai tembrar a casa enteira,
de detrás do mostrador crarexa o ceo
nas trenzas de ouro, no mirar sere,
na surrisa de luz da taberneira.

“Na taberna”. No desterro.



Xantar campestre en Cambados. Cabanillas, no centro, deitado. 1904

1894 1895 1896 1897 1898 1899 1900 1901 1902 1903 1904 1905 1906 1907 1908 1909 1910

Cuba: camiño adiante 1910-1915

Forzado pola necesidade económica e polo inconformismo político, Cabanillas emigrou a **Cuba** en setembro de 1910. Alí desenvolveu traballos de moi distinta condición: desde “tenedor” de libros de contabilidade ata administrador do Teatro Nacional, pasando por viaxante de augas minerais, mais, sobre todo, fíxose poeta. Comezou a publicar versos ao pouco de arribar á illa e rematou dando ao prelo dous libros: **No desterro** e **Vento mareiro**, que supuxeron, ao mesmo tempo, a súa irrupción no mundo literario galego e a súa consagración como o poeta agardado, o sucesor de **Curros Enríquez**.



Cabanillas redactou uns estatutos para o Centro Galego da Habana que estiveron vixentes máis de trinta anos

Basilio Álvarez, nun debuxo de Castela. A partir de 1912 Cabanillas estivo adscrito a Acción Gallega, formación agrarista liderada polo “abade de Beiro”, e para a que o poeta fixo a letra do seu himno



No desterro (1913, La Habana) foi o primeiro poemario publicado por Ramón Cabanillas

Coa publicación de *Vento mareiro* (1915, La Habana) Cabanillas logrou un grande éxito que confirmou para a crítica o valor literario do cambadés



*Camiño adiante, triste sin congoxa,
a fronte erguida, o paso ventureiro,
ó lombo un pau e nel cangada a roupa
envolveita nun pano, o pensamento
na chouza en que viveu seus anos mozos,
o amor á terra en que naceu no peito,
unha visión de brétema nos ollos
e unha copra nostálxica nos beizos
camiño adiante... adiante... ¡sempre adiante!
Alexase da aldeia o bon labrego.*

“Camiño adiante”. No desterro, 1913

Para saber que era aquilo de América, embarqueime para Cuba no setembro de 1910. Alí fixen amizade con Pepe Fontenla Leal, gallego escelenlísimo, gran amigo de Curros e que foi o verdadeiro fundador da “Asociación Iniciadora e Protetora da Academia Galega”. Á petición del comencei a esquirbir versións nun galego de mala morte, porque nunca noutra me vira [...].
A miña vida en Cuba foi interesante, máis nin vén ó conto nin teño vagar.

Carta de Ramón Cabanillas a Ricardo Carvalho Calero
Madrid o 8 de novembro de 1954

Galicia Gráfica foi unha das diversas publicacións galaico-cubanas onde Cabanillas publicou os seus versos



Balneario da empresa Augas de Amaro onde traballou Ramón Cabanillas

1910 me intrusa a cousa. 1911 Este ano vou irme a terra do Apóstolo. Non me intrusa a cousa. 1912 Salucia non sei nada, nada, nada. 1913 Un forte desexo de que Branquimia se atope en plena saude de teu anuncio cordial. 1914 1915

Mondariz

1923-1929

Despois de abandonar a secretaría de Mos e de pasar dous anos en Madrid, Cabanillas retorna a Galicia e pasa a vivir no Balneario de Mondariz.

Nesa vila termal, baixo a dirección do seu grande amigo **Enrique Peinador**, ocúpase de diversos traballos, sobre todo da revista

La Temporada en Mondariz.

Estes anos coinciden coa publicación en Vigo do xornal **Galicia**, dirixido por Valentín Paz-Andrade, xornal para o que tamén traballará o cambadés.

Son tempos dunha variadísima produción lírica, con obra de temática mítico-histórica: **Na noite estrelecida** (1926) e a maior parte dos poemas de **Camiños no tempo** (1949); relixiosa:

O bendito san Amaro (1925) e **Romaxes da Franqueira** (1926); e amorosa:

A rosa de cen follas (1927).

En 1927 Cabanillas foi elixido membro da **Real Academia Española**, tomando posesión en Madrid en maio de 1929.

En 1926 reedita na Editorial Lar, de **Ánxel Casal**, as segundas edicións de **No desterro** e **Da Terra asoballada**, e a primeira de **O Mariscal**.



En Mondariz-Balneario, en 1925, con Vicente Riestra, Enrique Peinador, Ramón María del Valle-Inclán e Victoriano García Martí



Na Real Academia Española. De esquerda a dereita: Emilio Cotarelo Mori, José Calvo Sotelo, Ramón Cabanillas, Ramón Menéndez Pidal, Juan Bautista Armada (marqués de Figueroa) e Leopoldo Eijo Garay (bispo daquela de Madrid-Alcalá) na súa recepción como académico

Mecenas neste caso aquel rechoncho, xovial e cortesán D. Enrique Peinador? Máis ben simpático e calculista, porque Cabanillas foi un atractivo máis entre os tantos de Mondariz que o señor Peinador tiña a habelencia de se axenciar

Manuel Hermida Balado

LA TEMPORADA
EN MONDARIZ
MONDARIZ EN SUS BODAS DE ORO

O-BENDITO-SAN
AMARO-PORE
CABANILLAS-DE
CASTELLO

RAMON CABANILLAS
A ROSA DE
CEN FOLLAS

O Mariscal
Traxedia histórica en verso

por Ramon Cabanillas
e Antonio Villar Ponte
dibuxos de Cebreiro
- edición Lar -

NA NOITE
ESTRELECIDA
POR
R. CABANILLAS

Mondariz. Sarxuán. Na luminosa
sereidade da tarde dorme o vento.
Na pontiña máis nova
dun folloso ameneiro,
un pimpín que sonea
co biquiño entreaberto,
arrólase esponxado
o seu papo vermello.
Remexendo nos sulcos
das veigas de centeo,
a gargalladas, erguen as labercas
seu cantar algareiro.

La Temporada en Mondariz.
17-VI-1923

1923 1924 1925 1926 1927 1928 1929

Madrid: os anos republicanos

1929-1937

En maio de 1929 Cabanillas toma posesión en Madrid como membro da **Real Academia Española**, a partir dese momento pasará longas tempadas na capital hispana, sendo testemuña, o 14 de abril de 1931, da proclamación da II República. A partir de entón fixou en Madrid a súa residencia, non volvendo a Galicia ata ben entrada a Guerra Civil.

Cabanillas foi candidato galeguista para as **Cortes constituíntes** e durante a República foi membro do **Consejo de Cultura**, pero estes anos foron, no esencial, tempos de disidencia e afastamento do galeguismo orgánico. Este foi tamén un período de escasísima produción literaria e de non poucas penalidades económicas.

Tengo confianza de que esto se arreglará en un plazo de dos o tres meses, y que Dios mejorará mis horas. Las estoy pasando negras, haciendo papeletas para este centro académico durante nueve horas al día, para quitar un jornal de ocho pesetas con las que como y me lavo, sin otro exceso. He pasado malos tiempos - toda mi vida es una tragedia - pero como estos ninguno. Mil veces sé que se me ha juzgado como abandonado, y la verdad es que no lo soy, pero tengo la fatalidad de no acertar nunca. Me van pesando los años y ya no se que hacer. Tengo el alma en los talones.

Carta de Cabanillas a Antonio Pillado, ca. agosto 1932





Porta do Sol, en Madrid, o día da proclamación da República, 14 de abril de 1931

Galeguistas congregados no parque da Barxa (Vigo), o 25 de xullo de 1930. Cabanillas, en primeiro plano, abaixo á dereita

Propaganda electoral cos candidatos galeguistas nas eleccións ás Cortes Constituíntes de xuño de 1931

Carta a Antonio Pillado, informándoo dos acontecementos de Madrid

Algunhas das escasas producións literarias de Cabanillas durante a República publicounas en Galicia en Madrid



Cabanillas nos inicios dos anos 30



A trágica falta de luz

1937-1946

En 1937, en plena Guerra Civil, Cabanillas retornou a Cambados e volveu á actividade burocrática como secretario interino en varios concellos (Meis, Silleda, Moaña, Dozón...).

Máis a vida administrativa non lle foi doada debido ao seu pasado de escritor combativo, padecendo un longo expediente de depuración de responsabilidades. Tampouco a vida doméstica resultou doada, pois nestes anos morreron o seu fillo **Pío** (1941) e a súa esposa **Eudósia** (1943), e estaba exiliado en México o fillo **Ramón**.

A actividade literaria de Cabanillas nestes anos é mínima, comezando a retomar timidamente a poesía a partir de 1944, ano en que se estreou en Cambados a súa **Ofrenda das fadas no Portal de Belén**, e no que comezou a publicar algúns versos novos en revistas da emigración e na pontevedresa **Sonata Gallega**.




Vista de Moaña nos anos corenta. En primeiro termo o bar e pensión *Miramar*, onde Ramón Cabanillas se aloxou durante a súa estada nesta vila



Cabanillas (segundo pola esquerda), acompañado de Ángel del Castillo, Manuel Casás e José Caamaño Bournacell, en Cambados, en setembro de 1946

Un dos expedientes abertos a Ramón Cabanillas polo seu pasado político, proceso que durou desde 1938 ata 1943



Edificio da Juventud Católica de Cambados, lugar onde se estreou o 9 de xaneiro de 1944 o "auto" de Cabanillas *A ofrenda das fadas no Portal de Belén*

Non fago nada: espero. A vida é agre. Nesta cerrazón non vexo nada. Esta trágica falta de luz, nos que estamos tan perto de pechar os ollos de unha vez para sempre, é unha anguria doente.

Carta de Cabanillas a Otero Pedrayo, 3 de marzo de 1946



Pío Cabanillas Álvarez, fillo do poeta, nacido en 1918, faleceu en 1941 no Hospital Psiquiátrico de Conxo

"A Tecedeira"

Tecedeira que teces lenzos e dores ó par, eu como ti tamén pero soña que te soñarás. Unha marañeira destas o liño florecerá nos líneiros verdegais nas terras de Remesar. De ben mazado no río, mozas garridas e sans, seus amorios trezando terano de espadelar. Vellas de roca e roqueiro, na ledicia do serán, fiando de vagariño farán o fuso bailar.

Sonata Gallega, 1944



Claustros de santa paz

1947-1955



Fermín Penzol, Pura Vázquez e Cabanillas en Madrid, nos primeiros anos da década de 1950



Fachada principal do Mosteiro de Samos

Estou neste mosteiro afundido nunha paz e un silencio que me fixo moito ben, pois atopábame decaído fisioloxicamente e sin azo para cousa de proveito. Non me perei a describi-lo porque o atoparás mellor feito no "Espasa". A comunidade é un pequeno mollo de santos varóns que cumpre o "ora et labora" doadamente. Cómesse ben, dórmese mellor e, si queres, tes maitines e laudes ás cinco e media da mañán e o resto das horas canónicas polo día adiante.

Carta a Valentín Paz-Andrade do verán de 1948

Primeiro libro editado por Ramón Cabanillas despois da guerra



Publicado en 1958, Samos é unha homenaxe de Cabanillas ao mosteiro e aos freires

En 1947 Cabanillas, canso de itinerancias burocráticas, decidiu botar todo o inverno en Madrid. Ese foi o momento en que iniciou, da man do empresario galeguista **Álvaro Gil**, o retorno á edición de libros. Na primavera seguinte instalouse en Samos para escribir **Antífona da cantiga**, libro que abriría o cuño da **Editorial Galaxia** (1951). Cabanillas alternou durante varios anos as tempadas no cenobio bieito coas estadias invernaes en Madrid, onde acudía ás sesións da Real Academia Española e presidía unha importante tertulía galega no café **Lyon d'Or**. Nesta altura tamén editou **Camións no tempo** (1949) e **Da miña zanfona**, ademais de rematar o poemario **Samos**.

O 2 de xaneiro de 1951, en carta asinada por Francisco Fernández del Riego, Galaxia ofrecía a Cabanillas o posto de secretario do Consello Técnico Asesor da editorial, cunha asignación mensual de 1.000 pesetas

*De que mal morreu a rosa prenda?
Atravesou a meu peito
un dor, auzente e esguío de saeta
e dixenlle a verdade cru, tingundo
cunha pinga de sangue cada verba:
¡Morreu do mal dos bos e venerosos!
¡Morreu de amor á Terra!
Na morte de Castela, Xaneiro de 1950*



Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Ben-Cho-Shey e Evaristo Correa Calderón, no café Lyon d'Or

1947 1948 1949 1950 1951 1952 1953 1954 1955

En 1955 os seus problemas de saúde comezaron a agravarse e foi vivir a Barakaldo coa súa filla **María Luísa**. Alí pasou dous anos, mantendo intensa correspondencia cos amigos. En setembro de 1957 o seu estado parecía irreversible e decidiu volver a Cambados, onde pasará dous anos, etapa en que recibiu importantes homenaxes, como a "coroación" de Padrón, en abril do ano 1958.

Nesta altura case non escribía, porén, aínda apareceron algúns libros seus:

Versos de alleas terras e de tempos ídos (1955), ***Macías o namorado***

(1956) e ***Samos*** (1958), todos produto de traballos anteriores.

O 9 de novembro de 1959 morreu en Cambados, na casa da filla Ramona, sendo enterrado no cemiterio de Fefiñáns. En 1967 os seus restos foron trasladados ao

Panteón de Galegos Ilustres.

Retorno ao pinal de Tragove 1955-1959




O 8 de abril de 1958 Cabanillas recibiu en Padrón unha grande homenaxe, coa asistencia de milleiros de persoas.



Ramón Cabanillas e varios amigos na casa santiaguesa de García-Sabell



En Barakaldo, na celebración familiar dos seus 80 anos, cos fillos Ramón, Ramona e María Luísa, e o seu xenro Marcos Caamaño Bourmaceíl



Autógrafo de Ramón Otero Pedrayo asinado polos asistentes ao acto de entrega a Galaxia, do fondo bibliográfico de Fermín Penzol

Da miña vida, mar de ondas bruanter,
recalarei no porto
e nel terei sartego degado,
durmindo en paz o derradeiro sono
aquí onde miña nai, santa roseira,
en eterno xuntoiro
con meus irmáns, que a morte
agatiñou en ffor, tenen repouso.

"Salutatio ad patriam".
Camiños no tempo, 1949

A pesar do esforzo dos editores, Ramón Cabanillas non chegou, por escasos días, a ver editada a súa *Obra completa*

Querido Ramón Cabanillas:
Moitos "bos e xenerosos" amigos de Galiza, axuntados co gallo do xeneroso regalo de Fermín Penzol a "Galaxia", ás beiras das "ondas do mar" de Vigo, pensamos en tí, témoste presente no heroico bruidar do pinal de Tragove, no brilo da espada Escalibur, e nas roseiras dos pazos —hirmás das de Rilke!—, e todos che adicamos iste derradeiro grolo de viño e de fraternidade, e coa lembranza dos inmorrentes amigos. ¡Sempre Cabanillas, mastro eremita da nosa nau!

Asinan, entre outros:
Luís Pimentel, Fermín Penzol, Francisco Fernández del Riego, Elena Tormo (esposa de García-Sabell), Isabel López (esposa de Ramón Piñeiro), Emilio Álvarez Blázquez, Cristina Nóvoa (esposa de Xaime Isla), Luís Viñas, Rufo Pérez, Xosé Meixide, Ricardo García Suárez, Blanca Jiménez (esposa de Fermín Penzol), Xaime Isla, Emilio Gil Varela, Isidro Parga Pondal e Ramón Otero Pedrayo.

¿Qué mágica hondura no tendrá, por tanto, el ansia de retorno a la tierra de este otro poeta nuestro, Don Ramón Cabanillas? En las recias tierras de Vizcaya se sintió herido. Un disturbio circulatorio alarmó a sus familiares y a sus médicos. Y el, como única medicina, tomó... el tren a Galicia...

"Ramón Cabanillas y la Tierra Madre. Regreso al pinal de Tragove"
Darío Álvarez Blázquez, Galicia Emigrante, febreiro-marzo 1958



1955

1956

1957

1958

1959



Ramón Cabanillas

A roseira dos recordos

28 de xullo-30 de outubro de 2009

Comisario

Luís Rei

Coordinación xeral

Xosé M. Soutullo

Coordinación técnica

Teresa Rodríguez
Xesús Domínguez

Deseño artístico

Pablo Gutiérrez

Fabricación e montaxe

Corporación de Comunicaciones

Fotografía

Tono Arias
Godofoto

Fondos

Arquivo Editorial Galaxia
Biblioteca da Fundación Penzol

Agradecementos


Arquivo familia Píllado Sílvoso
Arquivo Municipal de Cambados
Arquivo Museo de Pontevedra
Xabier Camba
Casa Museo Ramón Cabanillas
Maribel Iglesias Baldonado
Emilio Xosé Ínsua López
Familia Botana Cabanillas
Familia Vidal Cabanillas
Francisco Fernández Rei
Adela Leiro Lois
Real Academia Galega



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Dirección Xeral de
Promoción e Difusión da Cultura



CONCELLO DE
CAMBADOS



Consello Regulador
D.O. Rías Baixas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Unha produción de

Merlin COMUNICACIÓN
EDITORIAL GALAXIA

1889 1915 1937 1959
1876 1910 1930 1948
1923